CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 1208/2026, do 09-11-2026 , adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)
ASUNTO: *SERVIZOS MÍNIMOS FOLGA XERAL DO 11 NOVEMBRO DE 2026 CONCELLO DE BERGONDO*

EXPEDIENTE: *2026/X998/000040*

Logo de ver a convocatoria de folga xeral o día 11 de novembro de 2026.

Logo de ver que a Constitución española recoñece no seu artigo 28.2, o dereito á folga, como dereito fundamental da persoa, e recoñece como límite, o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Logo de ver o artigo 53 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia establece que: "os funcionarios dos corpos da Policía local, de acordo co establecido na lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade non poderán exercer en ningún caso o dereito á folga nin accións substitutivas deste ou concertadas a fin de alterar o normal funcionamento dos servizos"

Polo tanto, considerando por una banda o dereito de todos os empregados do Concello de Bergondo a exercer o dereito á folga e por outra, que dito dereito se atopa suxeito a limitacións no seu exercicio, derivadas da súa conexión con liberdades, dereitos e bens constitucionalmente protexidos, e así o recoñece a propia Constitución Española, faise necesario fixar uns servizos mínimos para garantir o mantemento dos servizos esenciais do Concello de Bergondo, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente ***RESOLVO****:*

Primeiro. *A determinación dos seguintes servizos mínimos:*

- *Rexistro xeral: 1 empregado/a*

Segundo. *Notificar a presente aos representantes sindicais dos traballadores laborais e funcionarios deste Concello para a súa difusión así como publicalo no taboleiro de anuncios electrónico do Concello para xeral coñecemento.*

Terceiro. *Darlle traslado do presente acordo aos servizos económicos co Concello para os efectos oportunos.*

En Bergondo, luns 9 de novembro de 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: qBsjpbN47fIEAV3wOAzT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.bergondo.gal/

A alcaldesa ***Dou fe; a secretaria***

Alejandra Pérez Máquez *Ana María Cacharrón Castelos”*

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o luns 9 de novembro de 2026

Vº.e Pr.

A alcaldesa **A secretaria xeral**

Alejandra Pérez Máquez Ana María Cacharrón Castelos

CVD: qBsjpbN47fIEAV3wOAzT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.bergondo.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).